

O declive da civilización labrega.

Aproximación ao contexto social e cultural de María Mariño.

Autora: Julia Varela



Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

O DECLIVE DA CIVILIZACIÓN LABREGA

Julia Varela

A civilización labrega, unha civilización froito dun esforzo colectivo cuxos trazos específicos se foron constituíndo ao longo de séculos, aínda seguía sendo moi forte cando eu era pequena alá por finais dos anos corenta. Para tratar de definila voume basear sobre todo no meu libro *A Uffe* (1). E vou artellar o meu texto servíndome da concepción que tiñan as e os labregos do tempo e do espazo e tamén das relacións de poder. Penso que a través desas tres dimensións podémonos decatar bastante ben da súa especificidade.

Tempos de onte

Se comezamos pola concepción do tempo atopamos que era moi diferente da nosa, da das sociedades en que predomina o urbano sobre o rural. O tempo concibíase dun xeito cíclico baseado no transcurso das estacións, nun ritmo repetitivo marcado polos moitos traballos que había que facer ao longo do ano, polas festas e feiras... Labregos e labregas eran verdadeiramente artesáns e artistas que facían innumerables tarefas ao longo do ano: amasar o pan, tecer, facer viño, remendar unha pota, facer queixo e manteiga, segar os cereais, plantar as patacas, enxertar árbores froiteiras... Pódese dicir que fronte aos seres especializados en que nos imos convertendo cada vez máis, que só sabemos facer unha cousa e, en consecuencia, non moi ben, eran seres universais, con múltiples capacidades e coñecementos. Por outra banda, ese traballo era un traballo moi duro no que participaban nenos, mulleres e homes, e moitas veces tamén familiares e veciñanza axudaban na matanza, na sega, na vendima, na esfolia do millo...

O espazo, pola súa banda, era un moi preciso e minuciosamente coñecido, xa que daquela íase a moitos sitios andando, no camiño encontrábase a outra xente e falábase con ela ao tempo que se observaba o que pasaba ao redor. Do mesmo xeito que na concepción do tempo desempeñaba un papel central o traballo, na concepción do espazo desempeñaba un papel central a casa. Esta constituía o eixe da socialidade, unha socialidade moi densa, na que o nós dominaba sobre o eu. Cada casa tiña a súa identidade propia e nome polo que se recoñecía a quen a habitaba. As e os veciños coñecíanse polos alcumes e apelidos. Moitos dos estudos da vida labrega sinalan que as e os labregos teñen unha memoria prodixiosa no que se refire ás súas experiencias, unha memoria que se alimenta da densidade e da riqueza da súa vida social, que se insire nunha concepción do espazo específica e que funciona a partir de círculos concéntricos que van desde o máis preto ao máis lonxe, desde o local ao xeral, do pobo á vila, á capital, a Europa e a América, que abarca presentes e ausentes, vida e morte, formando unha complexa trama que engloba a todos e cada un nas relacións cos demais. E é precisamente esta densidade de relacións a que articula unha memoria en rede que permite integrar elementos novos e descoñecidos. Unha memoria que se está a recrear continuamente a través de innumerables encontros, conversas, contos, botando man dunha rica, complexa e elaborada tradición oral na transmisión de coñecementos. Esa

concepción minuciosa e precisa do espazo físico e social é máis aberta do que puidera parecer pois a emigración desde o século dezanove fixo que América estivera presente no imaxinario e na realidade social. En todas as localidades vivía alguén que estivera en Cuba, en Arxentina ou en Venezuela e, xa nos anos sesenta e oitenta, en Suíza, Alemaña, Francia, Bélxica, Inglaterra... E falábase das experiencias vividas neses países.

Estas categorías espacio-temporais de coñecemento constitúen a base dunha concepción do mundo e da vida específica. Dan lugar a unha cosmovisión e a un tipo de racionalidade e de pensamento distante do pensamento técnico-científico e da lóxica académica e que en xeral é coñecido como pensamento *máxico-mítico*. Xeralmente o pensamento máxico-mítico contraponse ao pensamento técnico-científico. E se ben algúns aínda seguen hoxe empeñados en considerar, presos dunha concepción lineal do “progreso”, que o pensamento máxico-mítico é máis atrasado e irracional, os conceptos atrasado e adiantado non serven na análise sociolóxica. Non permiten comprender que se trata de dous xeitos de estar e de ver o mundo diferentes, coas súas propias dimensións positivas e negativas.

A dinámica social da civilización labrega tamén está marcada polo sistema de relacións de poder. Estas maniféstanse, respecto ás autoridades “oficiais”, entre veciños e veciñas en función da riqueza, entre homes e mulleres e entre a xente de maior e menor idade. Isto é, existían relacións de poder disimétricas baseadas na riqueza material e en diferenzas ideolóxicas que daban lugar a moitos conflitos. Tamén hai que ter en conta que para que alguén teña autoridade na comunidade ten que contar coa aceptación do resto e non era suficiente posuír máis riquezas materiais, ademais había que ter calidades morais, unha certa ética persoal, así como capacidade de reflexión, de mediación e de negociación.

Pódese dicir, pois, que estamos ante unha civilización cunha maneira de percibir, de clasificar, de coñecer o mundo e, en consecuencia, de actuar diferente da que existía nas comunidades das vilas e das cidades. A civilización labrega posuía unhas características bastante semellantes á *episteme* renacentista, descrita por Michel Foucault no seu libro *Les mots et les choses*, na que dominaba unha forma de saber na que todo estaba vencellado con todo (2); que implica, en xeral, un respecto pola xente e pola terra. As categorías do “natural” e do “sobrenatural” estaban moi mesturadas.

Vou pasar agora a subliñar certos trazos vinculados coas relacións entre os homes e as mulleres e tamén as maneiras en que se socializaban as nenas e os nenos. Ambas as cuestións están vencelladas entre si.

a) Relacións de xénero

Dun modo xeral, na civilización rural maniféstase unha constante tendencia á dominación masculina. Norbert Elias mostrou que esta dominación existe especialmente naquelas sociedades en que a forza física ten unha especial relevancia e outórganlles aos homes un estatuto de superioridade.

Nas zonas rurais galegas, a forza física era moi valorada e necesaria. Mais é importante sinalar que, se ben os homes eran os principais portadores desa calidade, no tempo da posguerra as mulleres desenvolveron unha forza física notable e tamén unha forte capacidade de resistencia, realizando en moitos casos os mesmos traballos ca eles.

Se nos preguntamos sobre as relacións entre os sexos, se existía realmente, sobre todo na posguerra, un certo equilibrio de poder entre homes e mulleres, poderíase dicir que tal equilibrio era un pouco maior do que había entre os homes e as mulleres da burguesía e un pouco menor do que se daba na alta burguesía.

Ao observar as diferentes tarefas que realizaban homes e mulleres, vemos que había certa división sexual do traballo. Malia que homes e mulleres realizaban moitos traballos en común tamén realizaban algúns diferentes.

Pierre Bourdieu no seu libro *El sentido práctico* afirma que existe unha lóxica estrutural que está na base desa diferenciación entre os sexos e que ten raíces na Antigüidade clásica. Nesa división sexual do mundo os varóns tenden a ser os cabezas da casa e representan a forza, o sol, os traballos que requiren maior esforzo físico, as relacións co exterior, os tratos e os contratos. As mulleres, pola súa banda, representan a sensibilidade, a lúa, a comida, o fogo do fogar e a seguridade protectora.

Pero esta división sexual do traballo non sempre se cumpriu en Galicia. Algunhas mulleres facían os mesmos traballos que os homes, como rozar toxos, sacar o esterco das cortes e espaxelo nos eidos para que servise de fertilizante, segar a herba ou os cereais e, por suposto, outros moitos menos pesados que seguiron facendo xeracións posteriores. Tamén encontramos que algúns homes facían traballos (de mulleres), tales como amasar o pan ou atar os mollos na sega.

Poderíase formular a hipótese de que a división sexual do traballo forma parte dunha estratexia de división de funcións que non expresa mecanicamente as xerarquías e as relacións de poder socialmente promovidas. Claro está que convén preguntarse se isto se debía a que unha parte importante dos homes estaban fóra, a que aínda non se establecera no mundo rural unha división rixida de funcións ou a que esa división tendía a esvaecerse en tempos de crise. En todo caso, na Ulfe, ata entrados os anos sesenta e setenta, había mulleres ás que non lles gustaba facer “os labores domésticos” e mulleres que elixían traballar fóra da casa. Non aceptaban de bo grao que as súas principais funcións fosen coidar da casa e criar fillos e fillas.

Recordo que nas longas noites de inverno, cando se xuntaban os veciños para realizar algúns traballos, adoitaban ser os homes, e non as mulleres, os que nas conversas que tiñan lugar despois de cear levaban a batuta. As mulleres desempeñaban máis ben un papel bastante semellante ao do coro no teatro grego. Coa súa aprobación ou reprobación guiaban a trama. Nas festas, ou cando se xuntaba moita xente na casa para xantar, por exemplo na matanza, que era daquela a festa máis grande, as mulleres eran as últimas en sentarse á mesa e eran as que servían, recollían os pratos e fregaban. Mentres tanto os homes fumaban, tomaban copas de augardente, falaban animadamente ou xogaban á brisca. Tamén existían outros encontros, xeralmente ligados á realización de tarefas colectivas, nos que tiñan lugar torneos e desafíos, nos que homes e mulleres máis e menos novos inventaban e dirixían coplas entre si. Poñíase así a proba a súa imaxinación e a súa memoria ao tempo que se revitalizaba a cultura oral.

Con frecuencia as mulleres amosaban especial sensibilidade e críticas fronte ao comportamento autoritario e despótico dalgúns maridos respecto ás súas esposas e reprobaban abertamente o feito de que algunha delas fose obxecto de malos tratos por parte deles. Polo contrario algúns dos homes non parecen aceptar de bo grao que o

marido se sometese sen protestar ás decisións da súa muller. As relacións entre as parellas casadas eran diversas. Nalgúns casos había unha forte paridade entre homes e mulleres, noutros dábase un desequilibrio de poder que podía ser favorable ou desfavorable ás mulleres. Segundo os meus datos e observacións, pódese dicir que existía unha maior igualdade cando ambos os cónxuxes tiñan similares oportunidades de poder, aínda que unha variable que tamén entraba en xogo era o que poderíamos chamar a intelixencia e a personalidade da muller. Nesta zona de Galicia as mulleres que adquirían ese equilibrio de poder no interior do matrimonio eran habitualmente herdeiras. Gozaban polo tanto de autonomía material e ademais tiñan autonomía simbólica e recoñecemento social. Os raros casos en que a muller, sen autonomía material, decantaba o desequilibrio de poder ao seu favor debíanse a que era máis intelixente, previsora e mellor traballadora que o seu marido.

Sería polo tanto interesante estudar con máis detemento se, como afirma Batjin cando se refire ao mundo rural da Idade Media, seguían existindo na posguerra trazos dun xeito de relación entre os sexos na que a “natureza” masculina e feminina aínda non se definiran de forma excluínate e, polo tanto, as mulleres aínda non se constituían nunha minoría que debía ser tutelada por un home, xa fose pai, irmán ou marido. Pero, como xa dixen, todo isto non pode facer esquecer que os homes gozaban dun estatuto dominante e que eran eles xeralmente os encargados de asegurar o mantemento da casa, do patrimonio e da liñaxe mediante a transmisión do apelido.

Se nos referimos ás políticas matrimoniais, non parece que para a xente de máis idade fosen un asunto de elección individual. Respondían sobre todo a unha política familiar de alianzas. Os matrimonios estaban estreitamente ligados ao sistema de herdanza. O herdeiro ou a herdeira estaban destinados a conservar a casa.

Na zona analizada o sistema de herdanza movíase na contradición de non dividir excesivamente o patrimonio, aplicando o sistema de mellora ao primoxénito ou á primoxénita, se non había fillos varóns, respectando o dereito de toda a prole a herdar. Coexistía así dificilmente o dereito consuetudinario e o código civil, o que daba lugar a situacións diversas. Na posguerra aplicábase xeralmente a norma de deixar herdeiro a algún fillo varón, que ás veces non era o primoxénito, o que pon de relevo que as mulleres non tiñan os mesmo dereitos á hora de herdar. En xeral só herdaban mulleres se na casa só había fillas ou se a herdeira era filla única. En todo caso quen herdaba a casa tiña a obrigación de facerse cargo de todos os membros da familia que vivían nela: avós, avoas, tíos, tías, irmáns e irmás solteiras... Tamén podía suceder que os pais non elixisen herdeiro ou que tivesen unha mala relación con el, de tal xeito que terminaban repartindo os seus bens a partes iguais entre fillas e fillos.

As alianzas matrimoniais non só dependían do sexo, tamén entraba en xogo a posición social. Os herdeiros ou herdeiras das casas “ricas” suxeitábanse a presións máis fortes que os e as das outras casas. O resto dos irmáns gozaban en teoría dun maior grao de liberdade, pero víanse obrigados, na maioría dos casos, a abandonar a casa paterna, o que con frecuencia conducía á emigración. As mulleres, nesta zona do interior de Galicia, fronte a outras zonas rurais, eran valoradas non só pola súa función reprodutora e porque contribuían co seu traballo ao mantemento da casa, senón tamén porque achegaban ao matrimonio a súa propia herdanza tras a morte dos seus pais. Adoitaban achegar tamén en forma de dote o chamado “enxoval”, que facían elas mesmas, as súas irmás ou outras tecelás.

Pódese resumir que nas alianzas matrimoniais interviñan distintos factores que non operaban de forma ríxida xa que aos intereses económicos e de prestixio social sumábanse outros máis persoais. Un traballo de observación microsocia, como o que recolle *A Ulife*, permite ver a riqueza e variedade destas estratexias. En xeral ata a década dos anos cincuenta e inclusive dos sesenta, nin os homes nin as mulleres gozaban de liberdade para elixir parella, o que non foi óbice para que se producisen casos excepcionais. Algúns herdeiros e herdeiras elixiron o seu cónxuxe e non aceptaron que o fixesen os seus pais.

b) Socialización da infancia

As relacións entre adultos e nenos tiñan tamén a súa especificidade. Na época da posguerra aínda non se xeneralizara no mundo rural a concepción que xa era dominante na burguesía e que facía dos nenos seres completamente distintos dos adultos, dotados dun xeito diferente de pensar, de sentir e de actuar. Esta concepción desempeña sen dúbida un importante papel non só na socialización das nenas e dos nenos. Intervén tamén en como as mulleres perciben as súas funcións de nais e as tarefas que realizan en xeral.

No mundo rural existían así mesmo xerarquías en función da idade. A infancia, a idade adulta e a vellez constituían as tres grandes etapas da vida. Ademais, cando falamos de “infancia” convén ter en conta que esa etapa da vida non tiña o mesmo sentido para o mundo labrego que para a burguesía. No campo nenas e nenos non tiñan aínda asignado un estatuto de minoría nun sentido forte e, en consecuencia, non eran considerados como seres totalmente diferentes dos adultos. A infancia rousseauiana, totalmente diferenciada e dependente dos adultos e destinada a explorar o mundo principalmente a través do xogo, non se correspondía coa proximidade que había entre pícaros e adultos no mundo rural. Na vida cotiá e nas distintas festas e cerimoniais nenos e nenas, desde que podían moverse de forma independente, estaban en constante relación cos adultos. Vestían e comían con eles e coma eles e constituían unha axuda inestimable para moitos traballos. Existía tamén unha gran complicidade entre maiores e pequenos pola proximidade que tiñan entre si fronte a outros grupos sociais, pero isto non significa que en certo modo os nenos non gozasen dun estatuto propio. Eran obxecto de coidados especiais, de atencións singulares na mesa e no trato.

Festas “infantís” tan importantes nas vilas e nas cidades como eran os Reis ou a Primeira Comuñón practicamente non se celebraban no mundo rural, e cando se celebraban debíase a que o cura ou os mestres tiñan especial interese en introducilas no campo. Pero neste aspecto, igual ca noutros aos que xa se fixo referencia, produciuse un cambio ao longo do tempo. Os que naceron antes da guerra, na guerra e na inmediata posguerra botan hoxe en falta esa relación tan estreita que existía entre os maiores e os pequenos. Esta desapareceu cando se impuxo no mundo rural unha obrigatoriedade escolar estrita e, máis en concreto, cando comezaron a funcionar as concentracións escolares. Algunhas das mulleres nadas un pouco máis tarde subliñan que cando eran nenas non tiñan tempo para xogar e que a súa infancia foi unha infancia sen xogos. Parece polo tanto que teñen interiorizada unha concepción da infancia máis próxima á que transmite a pedagogía e a psicoloxía que a que caracterizaba a tradición rural.

Se nos detemos un pouco máis na socialización infantil atopamos que, no caso da xente que na actualidade ten máis de oitenta anos, un dos trazos sobresalientes da súa

socialización consiste en que a escola non desempeñou nela un papel importante. Hai quen nunca foi á escola, foi a unha escola de “mestres de ferrado” ou a algunha escola de noite que poñía alguén que sabía ler e escribir. Foi a II República a que tratou de introducir escolas no mundo rural de forma sistemática. De aí que a xente de máis idade aprendera malamente a ler e escribir, e cando se refiren á escola digan que as mestras e os mestres *non enseñaban nada* e que elas e eles ían moi pouco á escola. Cando había apuro de traballo tiñan que axudar na casa.

Poderíamos concluír que en xeral a socialización de nenos e nenas que naceron nos anos vinte e trinta era moi semellante, mais iso cambiou co paso do tempo. Os membros das xeracións máis novas xa non xogaron aos mesmos xogos, nin se divertiron do mesmo xeito. Na socialización infantil dos de máis idade tiñan moita importancia os encontros coa veciñanza e familiares para facer diferentes tarefas. A chegada do cine forma parte da vida dos nados nos anos a cincuenta e sesenta.

Pierre Bourdieu mostra no seu traballo *El baile de los solteros* algo que tamén empezou a darse a partir dos anos sesenta no mundo rural galego: as mozas que van ao baile (pois tamén en Francia o baile era o mellor lugar para encontrar parella) non querían bailar cos mozos das comunidades rurais pois non querían traballar a terra, nin seguir vivindo no rural e elixían para bailar empregados e obreiros das vilas. De aí que no campo, a partir dese momento, existan casas onde viven homes solteiros, que moitas veces non encontran mulleres dispostas a compartir a súa vida.

Pouco a pouco, a división sexual acrecentouse non só pola mediación da escola senón tamén polo peso crecente dos medios de comunicación: primeiro sobre todo pola radio —e en menor medida a prensa— e máis tarde sobre todo pola televisión, pero tamén polo cine.

Para rematar este apartado convén recordar de novo que as relacións de xénero están intimamente ligadas aos chamados procesos de socialización, a configuración que adopta a sociedade e o seu sistema de clasificación, de percepción e de comprensión do mundo. De aí que as ditas relacións adopten distintas formas segundo as culturas, as clases sociais e as épocas históricas, como puxeron de manifesto, entre outros, sociólogos tan coñecidos como Norbert Elias e Werner Sombart nos seus libros *La sociedad cortesana* e *Lujo y capitalismo* respectivamente.

A urbanización do mundo rural

Pódese dicir que a civilización rural e a súa forma específica de vida comezaron a quebrarse fortemente coa introdución do que Max Weber chamou o *espíritu do capitalismo*. Este implicou a busca dun beneficio económico que cambiou a relación coa terra, cos seres humanos e co diñeiro, que pasaron deste xeito a converterse en mercadorías. Por outra banda, minou a base das relacións sociais comunitarias das pequenas localidades, que repousaban en boa medida, como di Kropotkine, na axuda mutua (4).

Os procesos que deron lugar á decadencia do mundo rural e o seu progresivo despoboamento comezaron na España da posguerra. Pero será sobre todo a partir dos anos setenta, coa chamada “modernización”, cando eses procesos se intensifiquen ata

chegar a quebrar de forma aparentemente irreversible o modo de vida dos pequenos propietarios rurais. Inflúen nos ditos procesos:

1. O crecente despoboamento que sufriu Galicia especialmente desde anos sesenta.
2. O restablecemento da Ley de emigración de 1907 en 1946.
3. O *Plan de estabilización* de 1959.
4. A *modernización*, con novas formas de produción, chegada de tractores, segadoras, empacadoras e doutras máquinas, a aparición das primeiras gandarías dedicadas á produción do leite coas muxidoiras mecánicas.
5. Proceso de individualización crecente e cambio de mentalidade, vinculado con ese individualismo e coa entrada dos medios de comunicación, que mostraban unha nova sociedade produtivista e de consumo e que facía especialmente atractivas as cidades para os mozos.
6. A desaparición das escolas chamadas mixtas.

O sistema escolar, tanto o das escolas mixtas das localidades pequenas como o que se desenvolveu nos centros escolares das vilas durante o franquismo, foi incapaz de proporcionarlles aos nenos e nenas que vivían no mundo rural unha formación de calidade propia dunha escola democrática e republicana. Foi, moi posiblemente, esa falta de formación un dos principais factores que explica a incapacidade de crear e manter cooperativas, pequenas industrias de produción e transformación. O sistema escolar non era percibido polas clases populares labregas como un medio de promoción social, cambiarán anos despois, cando unha vez instalados nas vilas e cidades as e os seus fillos tiveron acceso a estudos universitarios. Pero naqueles momentos a formación universitaria perdera, en boa medida, a forza que tivo nos anos sesenta e setenta como vía de mobilidade social.

A dialéctica mundo rural/mundo urbano reenvía á división do traballo, a división entre traballo manual e traballo intelectual, reenvía tamén á división entre o mundo material da “natureza” e o mundo dos poderes simbólicos, pois é sobre todo nas vilas e nas cidades onde se xuntan maxisterios e ministerios: igrexa, administración, poder político, xustiza, rexistro da propiedade, notarías, universidades, bancos... Convén subliñar que unha boa parte de axentes sociais letrados, alén da mestra e do cura, que tiveron especial influxo no mundo rural ao longo das décadas dos anos sesenta, setenta e oitenta, tales como enxeñeiros agrónomos, veterinarios, funcionarios da extensión agraria, encargados da repoboación forestal e outros, non axudaron a fixar a poboación no mundo rural, nin a que se valorase a súa cultura e as súas formas de vida. Pola contra contribuíron, malia as súas boas intencións en moitos casos, a descualificar os saberes e prácticas do mundo labrego. Foron así axentes da dominación simbólica, e as e os labregos sufriron un proceso semellante ao que mostrou, para o caso francés, Claude Grignon (4).

O proceso de desintegración do espazo rural púxose ben de manifesto no acelerado incremento do índice de suicidios no campo de labregos e labregas anciáns. Estes vían como inevitablemente se abandonaban casas que se mantiveran ás veces ao longo de séculos, xeración tras xeración. Lamentábanse de non ter sabido ou podido transmitir ás novas xeracións o mundo herdado dos seus devanceiros. Ao derrubarse a casa quedaban sen espazo. Ao abandonar as hortas e o traballo da terra polas explotacións leiteiras perdían tamén a súa concepción do tempo *máxico-mítica* e pasaban a ter o control do reloxo. O reloxo urbano entraba no campo cando a civilización labrega se desangraba.

As vellas casas labregas de pedra e o medio rural sufriron entón un proceso de degradación: cociñas estragadas, chatarra tirada polas eiras, coches de segunda man abandonados... As e os labregos cambiaban os vellos mobles, as mesas de madeira maciza e as tellas polos novos e, ás veces máis cómodos, obxectos de consumo, por brillantes mobles de formica e tellados de uralita. Moitas mulleres comezaron a traballar como asistentas nas vilas próximas. E a xuventude, fascinada polos coches, as máquinas comecartos, as discotecas, a televisión e as luces da cidade deulle as costas ao pasado. O consumo de drogas duras, que comezou causando estragos nos anos setenta entre os mozos da pequena burguesía das vilas, estendíase agora aos mozos rurais. A inseguridade e o imaxinario do medo, promovido tamén insistentemente pola televisión, entraba nas aldeas substituindo o medo real que antes se tiña á garda civil.

O proceso de urbanización, e o conseguinte proceso de desaparición do mundo rural, non é un fenómeno exclusivo de Galicia; responde, en realidade, a unha dinámica social que afectou en distintos momentos a diferentes países europeos. A caída da poboación activa no sector primario e na industria e o crecemento no sector servizos caracteriza o desenvolvemento capitalista na España dos últimos corenta anos. Nos últimos dez anos estamos asistindo a unha entrada dun continxente importante de emigrantes procedentes sobre todo de América Latina e de Marrocos. Países como Francia sufriron uns cambios parecidos con anterioridade a España. Pero en Francia potenciouse un forte cooperativismo nas zonas rurais, por exemplo na Bretaña, mentres que en Galicia a sangría das zonas rurais foi favorecida pola propia Administración política da ditadura de Franco de cara a unha concepción tecnocrática do desenvolvemento e en razón tamén, como xa sinalamos, dunha falta de formación escolar que incapacitou a adaptación aos cambios sociais acelerados que respondían a outras regras de xogo.

Algunhas consecuencias

O declive da civilización rural e das súas formas de vida supón unha grave perda pois con ela desaparece unha sociabilidade densa e sólida, baseada no predominio do nós sobre o eu, unha sociabilidade que empezou a resultar asfixiante coa intensificación do proceso de individualización e que comezou a manifestarse cando os mozos xa non estaban dispostos a sacrificarse pola casa común e querían ter unha vida independente, non querían vivir cos vellos e traballar as terras da familia. Unha parte desa xuventude, que vive en vilas e cidades, ten unha actitude negativa ou ambivalente fronte á vida que coñeceron de pequenos, aínda que algúns din que as relacións que existen hoxe nas cidades son máis pobres e supoñen un retroceso cando as comparan coas que viviron no mundo rural, onde aquelas eran máis estables, onde se sentían máis seguras e seguros e continuamente acompañados/as. Formúlase entón a pregunta de como buscar e lograr un equilibrio entre o nós e o eu, pois a perda desa sociabilidade densa contribúe a unha fragilización das relacións sociais. Por outra banda, tamén está case a desaparecer unha cultura oral moi rica e elaborada e toda unha serie de saberes e prácticas ligadas ao traballo, ao coidado da terra, á hospitalidade.

Coa introdución da lóxica capitalista tamén entraron os insecticidas, os herbicidas, os fertilizantes químicos, os produtos transxénicos, que dan lugar a graves problemas de desequilibrios ecolóxicos, están a xerar a desaparición de moitas especies de animais e plantas e enchen o rural de porcallada ao mesmo tempo que provocan enfermidades.

A introdución das gandarías extensivas levou, por outra banda, a que moitas terras de cultivo se abandonasen e convertesen en prados. Isto unido ao despoboamento fixo que desaparezan camiños, que ninguén coide os montes, en definitiva, que moitas pequenas localidades estean baleiras e poidan desaparecer. Na *Voz de Galicia* podíase ler, hai uns anos, “se vende aldea”. A aldea deixou de ser unha comunidade para converterse nunca mercadoría.

A miña defensa da civilización rural non significa unha aposta pola volta ao pasado, aínda que sempre se estea a tempo de empeorar, senón unha defensa do dereito das e dos pequenos labregos a vivir con dignidade e sen presións e a que se lles recoñezan as importantes funcións que seguen a desempeñar. Penso que é innecesario facer unha defensa da diversidade dos modos de vida que seguen a existir hoxe en Galicia e dese xeito pór de manifesto o modelo incivilizatorio de “progreso” que se está impoñendo.

Nunha sociedade democrática o ensino, a instrución e os coñecementos son instrumentos necesarios para a formación da cidadanía, dunha cidadanía democrática. Michel Serres escribiu xa hai anos que a desaparición dos labregos, dos campesiños, era un dos acontecementos máis importantes do século vinte cuxas incalculables consecuencias tiñan que ser analizadas en profundidade. A súa proposta aínda segue en pé. E canto antes fagamos fronte a este reto, un reto vital para Galicia, máis claras expectativas se abrirán para o presente e para o futuro.

NOTAS.

* Unha versión diferente foi publicada na *Revista Sarmiento*, n.º 9, 2005, 51-60.

- (1) Cf. Julia Varela, *A Ulfe. Socioloxía dunha comunidade rural galega*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2004.
- (2) Michel Foucault, *Las palabras y las cosas, Una arqueología de las ciencias humanas*, Siglo XXI, México, 1968.
- (3) Sobre as escolas rurais pode verse Narciso de Gabriel, *Escolantes e escolas de ferrado*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2001.
- (4) P. Kropotkin, *El apoyo mútuo: un factor de evolución*, Madre Tierra, Madrid, 1980. Ten tamén outro libríño interesante sobre os campesiños, *La conquista del pan*, Júcar, Xixón, 1977.
- (5) Cf. Claude Grignon, “La enseñanza agrícola y la dominación simbólica del campesinado”, en VV.AA, *Espacios de poder*, La Piqueta, Madrid, 1981, 53-84.